

AXUDAS

Funcionamento entidades asociativas de economía social

Convocatoria 2023



CONTIDO

NORMAS XERAIS E CONVOCATORIA	2
PROGRAMA I – ASOCIACIÓN DE COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS	4
PROGRAMA II – ASOCIACIÓN DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E DE EMPRESAS DE INSERCIÓN	5

IMPORTANTE:

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras. Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

NORMAS XERAIS E CONVOCATORIA

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as **bases reguladoras de subvencions para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción** e se convocan para o ano 2023 (DOG núm. 15, do 23.01.2023).

FINALIDADE

Sufragar os gastos de organización interna e funcionamento de entidades representativas da economía social, a través de dous programas:

- PROGRAMA I: Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.
- PROGRAMA II: Fomento e consolidación das asociacións de centros especiais de emprego e empresas de inserción.

BENEFICIARIAS

Poderanse acoller a estas subvencions, sempre que cumpran os requisitos e as condicións xerais recollidas na orde:

- a) Para o **programa I**: as asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.
- b) Para o **programa II**: as asociacións de centros especiais de emprego e de empresas de inserción.

Requisitos:

- a) Estar legalmente constituída e inscritas no rexistro público correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Estar ao día das obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- c) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencions.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse **obligatoriamente** por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible para cada programa (anexos I e IV) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes é dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde e rematará o mesmo día da publicación do mes seguinte, o 23 de febreiro de 2023.

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva.

O órgano competente é a Subdirección Xeral de Economía Social da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

PAGAMENTO ANTICIPADO

O **pagamento anticipado do 90% do importe da subvención realizarase de oficio agás oposición expresa da entidade interesada.** A oposición deberá indicarse no recadro habilitado para cada programa nos anexos I e IV da solicitude de axuda.

Este anticipo non require da constitución de garantías.

PERÍODO DE EXECUCIÓN

O período de execución de accións será o comprendido entre o **1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023.**

XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán xustificar o investimento conforme a resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos.

A data máxima de xustificación das accións subvencionadas será o 31 de outubro de 2023.

FINANCIAMENTO

A dotación desta convocatoria é de 330.000,00 €. A distribución inicial de créditos por programa é a seguinte:

- Programa I: 230.000,00 €.
- Programa II: 100.000,00 €.

PROGRAMA I - ASOCIACIONES DE COOPERATIVAS E DE SOCIEDADES LABORAIS

BENEFICIARIAS

- As **asociacións de cooperativas** con actividade acreditada e inscritas no Rexistro Central de Cooperativas de Galicia.
- As **asociacións de sociedades laborais** debidamente inscritas e con actividade acreditada, que agrupen principalmente entidades inscritas no Rexistro de Sociedades Laborais de Galicia.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos de funcionamento subvencionables os seguintes:

- a) Alugueiros de locais e equipamentos.
- b) Gastos de persoal da asociación (salario base, complementos de antigüidade ou asociados á categoría profesional ou o posto de traballo, pagas extraordinarias, cotizacións sociais e cantidades retidas en concepto de IRPF).
- c) Axudas de custo e desprazamento.
- d) Gastos de subministracións eléctricas, de telefonía, de gas e auga.
- e) Primas de seguros.
- f) Material de oficina, comunicacións e publicacións diversas.

- g) Mantemento da páxina web da asociación e xestión de redes sociais, difusión e publicidade.
- h) Servizos profesionais independentes. Non son subvencionables os derivados da contratación dalgún membro dos órganos de goberno da entidade solicitante.
- i) Cotas asociativas a entidades de intercooperación.
- j) Gastos de participación do persoal en congresos, seminarios, xornadas e outras actividades de natureza semellante.

CONTÍAS

Límites globais:

- Ata o **90% dos gastos xustificandos**, en función das solicitudes presentadas e puntuación acadada.
- **Contía máxima** por beneficiaria: 100.000,00 €. Pódese superar se existen remanentes de crédito.

Límites específicos:

- Axudas de custo e desprazamento: 3.000,00 €.
- Gastos derivados do informe de auditoría da conta xustificativa: 3.000,00 €.

PROGRAMA II - ASOCIACIÓN DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E DE EMPRESAS DE INSERCIÓN

BENEFICIARIAS

- As **asociacións de centros especiais de emprego** que asocien unicamente centros inscritos como tales no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia.
- As **asociacións de empresas de inserción** que asocien unicamente empresas inscritas como tales no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción de Galicia.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Os gastos de funcionamento subvencionables son:

- a) Alugueiros de locais e equipamentos.
- b) Gastos de persoal da asociación (salario base, complementos de antigüidade ou asociados á categoría profesional ou o posto de traballo, pagas extraordinarias, cotizacións sociais e cantidades retidas en concepto de IRPF).
- c) Axudas de custo e desprazamento.
- d) Gastos de subministracións eléctricas, de telefonía, de gas e auga.
- e) Primas de seguros.
- f) Material de oficina, comunicacións e publicacións diversas.
- g) Mantemento da páxina web da asociación e xestión de redes sociais, difusión e publicidade.

- h) Servizos profesionais independentes. Non son subvencionables os derivados da contratación dalgún membro dos órganos de goberno da entidade solicitante.
- i) Cotas asociativas a entidades de intercooperación.
- j) Gastos de organización e participación en congresos, seminarios, xornadas e outras actividades de natureza semellante.
- k) Gastos de elaboración de estudos e publicacións, de realización de actividades de formación en Galicia ou de implantación de proxectos ou programas de promoción dos centros especiais de emprego ou das empresas de inserción en Galicia.

CONTÍAS

Límites globais:

- Ata o **90% dos gastos xustificados**, en función das solicitudes presentadas e puntuación acadada.
- **Contía máxima** por beneficiaria: 35.000,00 €.

Límites específicos:

- Axudas de custo e desprazamento: 3.000,00 €.
- Gastos derivados do informe de auditoría da conta xustificativa: 3.000,00 €.

MÁIS INFORMACIÓN
**CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN
DO EMPREGO E IGUALDADE**

**SECRETARÍA XERAL DE APOIO AO EMPREGO, TRABALLO
AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL**

Edif. Administrativo. San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

981 545 687

empregoigualdade.xunta.gal
economiasocial.emprego@xunta.gal

eusumo.gal
info@eusumo.gal